

# "CHAMAMENTO DOS ECONOMISTAS PARA SAÍR DO PENSAMENTO ÚNICO", DA GLOBALIZACIÓN, DA MUNDIALIZACIÓN. ESTUDIO BIBLIOGRÁFICO SOBRE AS HIPÓTESES EN XOGO (1ª parte)

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 1 setembro 1998

Aceptado: 14 decembro 1998

## INTRODUCCIÓN

En 1996-97, 172 economistas europeos fixeron público en Francia o "Chamamento dos economistas para saír do pensamento único". Posteriormente, con esta denominación crearon un colectivo<sup>1</sup> para intervir publicamente no debate económico e para tratar de incidir nas políticas económicas que se aplican a escala nacional e internacional.

Este chamamento, que con posterioridade sería asinado por máis de 300 economistas e que se convertería —os asuntos que trata, os conceptos que manexa, as críticas que leva a cabo...— en tema estrela de ámbito internacional, propón "outra política" contraria á que, segundo eles, representa o "pensamento único dominante", é dicir, o "neoliberalismo", a "nova arma do capitalismo mundialista e globalizador na súa fase superior de fin de século", "a nova arma de dominación, acumulación e explotación da globalización capitalista, da economía mundializada e liberalizada...".

É un chamamento fronte á política económica "neoliberal dominante", fronte á globalización económica<sup>2</sup> centrada no mercado e na súa forza, na súa capacidade de regulación, e baseada na defensa da competencia en tódolos campos, na libera-

---

<sup>1</sup> O seu presidente é Hoang-Goc Liem, o seu secretario xeral é Nicole Azoulay e o seu tesoureiro é Pierre André Imbert.

<sup>2</sup> N.T.: O VI Congreso Nacional de Economía, organizado polo Colexio Oficial de Economistas de España en Alacante e que terá lugar entre o 18 e o 20 de febreiro de 1999, ten como título xeral: "A globalización da economía"; en Galicia, o Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) organizou, do 23 ó 25 de setembro de 1998, na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago, o *Congreso de Economía de Galicia* co título xeral de "Desenvolvemento e globalización". A Asociación Nacional de Economistas de Cuba e a Asociación de Economistas de América Latina e o Caribe (AEALC), organizaron na Habana, do 18 ó 22 de xaneiro de 1999, o *Encuentro Internacional de Economistas* co título: "Crisis económica globalizada, ¿qué hacer? Globalización y problemas del desarrollo". Pola súa parte, a Xunta de Galicia organizou en novembro do 98 un seminario internacional sobre a globalización.

ción económica e financeira a escala nacional e internacional, nas privatizacións, na forte limitación da intervención do Estado, no rigor monetario e orzamentario, na loita contra o déficit público e contra a inflación, na aplicación da flexibilidade salarial e laboral; na loita contra as rixideces e bloqueos estruturais nos campos político, sindical, económico, financeiro, comercial, empresarial, laboral, mediático, administrativo, educativo, da saúde, cultural, artístico, deportivo..., que dificultan a liberdade económica, as iniciativas para emprender, a *competencia con principios* e, xa que logo, que entorpecen o desenvolvemento. Sublíñase que a competencia sexa con principios, pois hai quen dende diversos ámbitos, e por suposto o económico e empresarial, á vez que se mostran partidarios das forzas do mercado, da liberdade económica, queren todo tipo de axudas, de subvencións e de proteccións para os seus negocios, os seus produtos, os seus sectores. E, chegado o caso, ou dende o primeiro momento, non dubidan en amaña-la competencia, en adoptar toda unha batería de medidas proteccionistas, en xogar coas cartas marcadas nos campos político, económico, empresarial, cultural e social, para beneficiarse. Internacionalmente acreditáronse os conceptos de *crony capitalism*, *corrupt capitalism*, é dicir, "capitalismo de cómplices", "capitalismo de corruptos"...

Convén, por iso, matizar que estamos a falar dunha economía que, de acordo co proclamado nas leis, se ensina publicamente nos centros educativos, universitarios... Unha economía que promove ou tería que promover un xogo limpo: que os axentes individual e socialmente xoguen, que compitan de forma aberta, libre, limpa, transparente, sen trampas, sen raposerías, sen trapalladas, sen corrupcións...

Pero tamén convén sinalar que hai unha economía onde está vixente unha competencia sen principios, sen escrúpulos. Un sistema no que, para sobrevivir, para manterse, para competir, para gañar, para impedir que se manteña, para impedir que gañe o outro ("a tranquilidade, a alegría inconfesable pero certa, o éxito principal dun, pasa necesaria e moi satisfactoriamente polo non-éxito, polo fracaso, o afundimento do veciño, do competidor"), vale absolutamente todo. Vale e lévase unha "competencia" amañada, de chafallada e mangoneo, unha "competencia" protexida, unha competencia dirixida, clientelar, politiqueira, na que rexe todo tipo de presións e influencias, de tráfico, de guerras sucias (e non só en España), tramas e mercados negros, intervidos...; unha competencia de rapina, malversación, prevaricación e corrupción, de trampulleiros, traficantes, desaprensivos, ladróns, corruptos, mafiosos, sicarios; unha competencia de axentes, grupos, organizacións, de xentes que para gañar, medrar, "triunfar", non perder, sacia-la súa ambición sen límites, están dispostos ó que sexa mester, a proclamarse máximos representantes, máximos defensores da liberdade, da competencia e do xogo limpo, ó tempo que, na práctica real, fan o contrario, buscan impoñerse de forma monopolista/duopolista, oligárquica, oligopolista, clientelar, politiqueira, con man de ferro/espato e/ou guante de seda/terciopelo.

Deámonos conta de que réximes como, por exemplo, o creado en México trala revolución patrimonializada polo Partido Revolucionario Institucional (PRI) esti-

veron gobernando máis de 75 anos de forma corrupta, caciquil, violenta, autoritaria. O que non lles impediou, non lles impide facer grandes proclamas progresistas en múltiples campos e, por suposto, no económico. Neste sentido, o réxime mexicano do PRI podería ser paradigmático. Aínda hoxe, en 1998-99, ten unha gran forza e controla a maior parte das institucións e dos poderes dese país<sup>3</sup>.

É dicir, a competencia con principios, o xogo económico, empresarial e social limpo (a economía é un xogo social construído polos homes), non só non cae do ceo senón que para facer posible ese xogo, este tipo de competencia, hai que tomar posición, hai que te-la intención, comprometerse niso, hai que loitar de forma permanente, rigorosa e incansable pola súa vixencia, mantemento, renovación, desenvolvemento e mellora; hai que loitar pola súa legalidade e lexitimación, pola súa aplicación a escala micro-, meso-, macro-, trans-, mega-, ciber... social. O exemplo Microsoft de Bill Gates nos EE.UU., a loita polo control do poder da comunicación en España (e noutras partes), polo poder enerxético, entre outros moitos, é cousa de tódolos días e pon de manifesto que a vixilancia por defende-la libre competencia con garantías e principios ten que ser permanente, rigorosa e dispoñer de tódolos medios para facelo posible.

Á denominada política de "pensamento único", diferentes autores que a cualifican como de "conformismo xeneralizado", "epidemia neoliberal", "política única", "verdadeiro pensamento único imposto globalmente, mundialmente", etc., tamén cúlpana de tódolos males habidos e por haber: da fractura internacional, nacional, económica, laboral, social, racial, urbana, familiar, local...; da multiplicación, do reforzamento de novos e grandes poderes oligárquicos; da emerxencia e consolidación de sociedades duais e triais; da creación de novos pobres e de novas e grandes bolsas de marxinação, de precariedade, de emigración e pobreza; da deterioración ambiental, do aumento de todo tipo de nacionalismos excluíntes e desintegradores, do integrismo e fanatismo, do racismo e da xenofobia, da violencia

<sup>3</sup> Sobre este país véxase:

- ALCÁNTARA, M.; MARTÍNEZ, A. [comp.] (1992): *México frente al umbral del siglo XXI*. (Monografía núm. 125). CIS.
- ÁLVAREZ JUNCO, J.; KEANDRI, R. [ed.] (1994): *El populismo en España y América*. Catriel.
- ARGÜELLES, J.; DÍAZ DE LA GUARDIA, C. [ed.] (1992): *México. Evolución macroeconómica, financiación externa y cambio político en la década de los 80*. Madrid: CEDEAL.
- BETHELL, L. [ed.] (1986): *The Cambridge History of Latin America*, 10 vol. Cambridge University Press. [Traducción: *Historia de América Latina*. Crítica].
- CÁRDENAS, E. (1998): "Historia económica de México", *Lecturas del Trimestre Económico*, varios núms. (o último publicado en 1998).
- CORDERA, R.; TELLO, C. [ed.] (1984): *La desigualdad en México*. Siglo XXI.
- FAVRE, H.; LAPOINTE, M. (1998): *Le Mexique, de la réforme néolibérale à la contre-révolution*. L'Harmattan.
- GONZÁLEZ CASANOVA, P.; AGUILAR CAMIN, H. [coord.] (1985): *México ante la crisis*, 2 vol. Siglo XXI.
- HUMBERT, M. (1994): *Le Mexique*. (Col. Que sais-je?). PUF.
- OPPENHEIMER, A. (1996): *México: en la frontera del caos*. México: Vergara.
- PAZ, O. (1988): *Los laberintos de la soledad*. FCE.
- PÉREZ HERRERO, P. (1993): "México: de Cárdenas a hoy", *Cuadernos del Mundo Actual*, núm. 7.
- SHEAHAN, J. (1991): *Conflict and Change in Mexican Economic Strategy*. San Diego: University of California, Center for US-Mexican Studies.

macro- e micro-, da violencia interétnica, social, urbana, laboral, mediática, educativa, cotiá...

Fronte a esa política, os "novos intervencionistas" na súa ideoloxía, nos seus discursos, escritos, análises, artigos, publicacións, xornadas, manifestos, encontros, chamamentos, proclamacións, propostas... propoñen "outra política". Unha *política alternativa e intervencionista* que poderíamos definir como neokeynesiana, neosocialdemócrata, máis ou menos verde, baseada na iniciativa pública, na intervención do Estado para controla-lo mercado, para facer cousas, para levar a cabo iniciativas, políticas que non poden nin deben quedar unicamente en mans do mercado. Unha política para, segundo din, conseguir non só a rendibilidade económica senón tamén a rendibilidade social, un ecodesenvolvemento sostible, integrador, xusto e solidario...

O problema está en que polo feito de falar de rendibilidade social xunto á económica e doutras moitas cousas, todas elas moi loables, encomiables..., estas non se conseguen automaticamente, non se dan *per se* e por elas soas unicamente ó pintalas de verde, ó proclamalas, ó presentalas por grandes figuras e/ou grupos salvadores e visionarios como "xustas e necesarias", como "politicamente correctas", envoltas en sofisticadas teorías, en abraiantes formulacións, en grandes discursos, narracións, ideoloxías, imaxinarios...; en palabras e conceptos fetiche; en manifestos, pedimentos e programas redentores; en espectaculares cerimoniais, rituais, celebracións e representacións; en receitas máxicas...

Pode suceder tamén que os que defenden e promoven o público, a intervención pública, vermella, verde, rosa, morada, branca, irisada..., ben pola súa concepción e xestión, ben pola corrupción, a politiquería, o nomenclaturismo, o clientelismo, o corporativismo, o mangoneo e a dilapidación xerados (como se viu nos réximes autoritarios de planificación central e todo o contrario pero, tamén, autoritarios e dictatoriais; en réximes democráticos que proclamaban defender políticas "transformadoras, progresistas, socialistas, ecosocialistas, de unión da esquerda, socialdemócratas..."; en réximes liberais, centristas, democratacristiáns que promulgaban defender e promove-la grandeza de miras, o humanismo, a liberdade, a xustiza social, unha economía social, libre e xusta de mercado...), polos burocratismos, arcaísmos e rixideces a que dan lugar e que bloquean e dificultan a creación e distribución de riqueza, o xogo da competencia con principios, o xurdimento, mantemento e desenvolvemento de axentes empededores con *animal spirits* (Schumpeter, Keynes); polo malgasto público, polo aumento dos déficit públicos, do paro e da inflación, polo mal funcionamento do público, da empresa pública, polo subvencionismo e asistencialismo (e o parasitismo, votos e sectores cativos a que dan lugar), polo proteccionismo vello e novo...; por todo iso, estes que promoven o público están dando lugar a efectos completamente contrarios ós proclamados e ofrecidos, a efectos perversos, non queridos...

Todo isto non impide que haxa axentes, grupos, forzas e sectores sociais que, aínda sen conseguilo anunciado na súa política, nas súas análises, discursos, ma-

nifestos e programas, a pesar de non conseguí-la rendibilidade e a emancipación sociais, a solidariedade e a xustiza social tan cacarexadas e prometidas, gracias ó *mercado de caridade, de liberdade e xustiza social* ou ó *mercado da solidariedade e da rendibilidade social, ó mercado do progresismo e da transformación, ó mercado do ecodesenvolvemento, do multiculturalismo, do comunitarismo, do novo universalismo, do internacionalismo, ó "mercado do pensamento único e a globalización", ó "mercado do humanismo cristián", ó "mercado da liberdade e da competencia", ó mercado da fin da historia, do choque das civilizacións...* —no que pican e ó que se agarran bastantes—, pois dicíamos que aínda hai grupos que, gracias a todo isto, se ven claramente beneficiados e están claramente interesados no seu mantemento e reprodución, na súa renovación (colorista, discursiva, teórica, metodolóxica, icónica, simbólica, representativa...) e no seu desenvolvemento.

Fronte ás vellas clases dominantes e dirixentes, fronte ás vellas nomenclaturas, que chegaron ó poder dende a súa riqueza e clase social e que o utilizaron para mantela e desenvolve-la, para defende-los seus privilexios. Fronte a estas vellas formas de dominación e enriquecemento, están as novas formas de dominación e enriquecemento, as promovidas polas novas clases dominantes e dirixentes, polas novas nomenclaturas, polos que chegan á riqueza e ós privilexios, ós grandes consellos de administración, ós cargos clave, a grandes e bos postos..., dende o poder, dende as súas novas posicións. E chegan cos discursos, teorías, mediacións, accións, dispositivos, representacións, imaxinarios... que sexan necesarios e se tercien. Utilizan o poder para manter e defende-la riqueza, o status e os privilexios conseguidos dende os novos espazos posicionais; para manter e defende-los seus próximos, as súas redes, circuitos, clientela (que tamén se beneficia ou espera beneficiarse, que consume os "nobres" produtos que venden...) e os mercados, a estrutura, organización, representación e funcionamento, individual e social, que o fagan posible.

Francia, os franceses implicados con este novo manifesto *Contra o pensamento único* están tratando de non perde-lo fío. Quere seguir sendo unha referencia importante nos mercados da intelectualidade e... do fútbol mundialista. ¡¡Verdadeiro antídoto ó pensamento único<sup>4</sup>!!

Trátase da Francia, da terra dos manifestos. A terra que, co *affaire Dreyfus*, creou e consagrou o intelectual que intervén colectivamente, coa súa sinatura, no

<sup>4</sup> ¡¡E co fútbol!! *L'Equipe*, o grande xornal deportivo francés que, por certo, estivo atacando durisimamente o seleccionador francés de orixe obreira, unha vez que a súa selección gañou o mundial de fútbol e se desatou no país galo unha euforia colectiva nunca vista que se comparou e superou incluso á da liberación, incluíu un artigo xenial onde dicía que o fútbol, ó igual cá vida, a loita por sobrevivir, é a ciencia, a arte do movemento, da rapidez: se non espertas, se non te moves astuta, áxil e rapidamente, cómente. Pois ben, Francia, dicía *L'Equipe*, que é o país da mobilización social, boa, como se viu ó gaña-lo mundial o país que mellor soubo xogar, soubo moverse, soubo interpreta-la filosofía, o espírito do fútbol, a súa grandeza... E, como corolario, por iso Francia, co seu equipo, que representaba a toda Francia co presidente e co Goberno á fronte, gracias ó triunfo do fútbol segue a ser grande no mundo, grande entre os grandes. Por iso recuperou a *grandeur*... ¡¡xenial!! O triunfo de Francia foi rapidamente recuperado pola dereita, polo centro, pola esquerda..., que se puxeron á fronte do *revolucionario movemento social futbolero*, que Francia, a Francia da *grandeur*, soubo captar, representar mellor ca ninguén no mundo mundial, no cosmos universal teleparabólico-internauta...

debate público co fin manifesto e proclamado de influír nas políticas en xogo, de condicionálas, denunciálas, de formular alternativas, de apoiar unhas e criticar ou condenar outras, de defende-la verdade<sup>5</sup>...

Ó intelectual, a ese intelectual que comprobou o impacto que teñen os manifestos na sociedade da información e do espectáculo, da comunicación e da representación, do *show business*. Ese intelectual que sabe que, co mercado intelectual dos manifestos e outros dispositivos, mediacións e representacións, pode ter máis presenza, poder, influencia..., pode formar parte dun circuíto, dunha rede, dunha especie de sindicato (neste caso de asinantes), equipo, corporación, internacional... que, se cadra, lle producirá réditos, que lle permitirá sacar boas talladas, unha mellor defensa dos seus intereses, do seu status e da carreira profesional, mediática, editorial, económico-empresarial, política, educativo-universitaria, académica, científica, cultural, artística, administrativa, sindical, social, deportiva<sup>6</sup>.

## BOURDIEU, O INTELLECTUAL DOMINANTE DISTINGUIDO

Un dos últimos manifestos intelectuais, que está na mesma lonxitude de onda có "chamamento por saír do pensamento único" é o lanzado, o capitaneado por Pierre Bourdieu, profesor do Collège de France e eminente sociólogo de gran fama internacional (no *ranking*, no mercado das citas, dun tempo para acó, esta figura da socioloxía pasou a se-lo máis citado, a ocupa-los primeiros postos da clasificación intelectual, incluído internet, en competencia con Sartre, Foucault, Derrida, Lacan...). A famosa revista *Magazine Littéraire* acáballe de dedica-lo número 369 (de outubro do 98), co título "Bourdieu, l'intellectuel dominant". Pierre Bourdieu, coa súa escuadra, co colectivo denominado *Raisons d'agir* (denominación que xa utilizara na súa revista *Actes de la Recherche en Sciences Sociales* para lanzar unha colección de libros baratos e de combate, destinados á acción política, á mobilización social. A revista *Actes* leva en cada número o suplemento *Liber* destinado a reseñar libros a escala internacional, a tratar asuntos sociopolíticos e culturais de ámbito internacional) lanzaba en *Le Monde* (4 de abril de 1998) o manifesto asinado por ese colectivo titulado "Pour une gauche de la gauche" ("Por unha esquerda da esquerda").

Bourdieu neste manifesto, e antes en diferentes artigos e publicacións, denuncia a "utopía neoliberal", a "troica neoliberal de Blair-Jospin-Schröder" (os líderes dos

<sup>5</sup> Véxase neste sentido:

CHARLE, C. (1990): *Naissance des intellectuels 1800-1900*. Minuit. [Autor da escuadra, do equipo de Pierre Bourdieu].

HOUMANT, F. (1997): *Le désenchantement des clercs. Figures de l'intellectuel dans l'après mai-68*. Presses Universitaires de Rennes. [Nesta obra analízase a revalorización de intelectuais como Levinas, Ricoeur, Jonas..., que foron "olímpicamente" ignorados durante anos e anos pola ola estruturalista-marxista].

SIRINELLI, J.F. (1990): *Intellectuels et passions françaises. Manifestes et pétitions au XXe. siècle*. Fayard.

<sup>6</sup> Cando Valdano e Cappa —dous intelectuais do fútbol, entre outros moitos— foron destituídos do Real Madrid polos malos resultados, Cappa dixo que se debeu a que eran de esquerdas... Vaia "casualidade", sempre o din cando os destitúen e non cando os contratan...

partidos laborista, socialista e socialdemócrata de Inglaterra, Francia e Alemaña, que están gobernando nos seus países. Para apoia-lo líder socialdemócrata alemán na campaña electoral, creouse un grupo internacional de intelectuais, animado polos socialistas franceses Jack Lang, Bernard Henri Levy-BHL e outras vedettes intelectuais que fixeron *tournées*, aparicións, manifestos ó seu favor).

Bourdieu e o seu colectivo, segundo declaran, tratan de promover un movemento social que interveña sociopoliticamente, que faga posible "unha internacional de resistencia contra o neoliberalismo e contra tódalas formas de conservadurismo...". Bourdieu, en varias destas publicacións da colección "Razóns para actuar, para a acción", critica duramente o "neoliberalismo dominante". Se cadra é o caso de dous dos seus libros: *Contrefeux* (Contrafuegos) e *Le décembre des intellectuels...*, e outros que sacaron despois. Neste último, no seu título alúdese a decembro de 1995, mes no que Bourdieu se lanzou á area, a mitinear —creo que no gran teatro de La Mutualité— e tomou partido en favor do movemento folguista francés que tivo lugar nesas datas. O movemento de decembro de 1995 foi desencadeado, fundamentalmente, polos funcionarios, polos ferroviarios..., que vían perde-las súas conquistas, os seus privilexios laborais, sociais, de retiro<sup>7</sup>...

## ATTAC, COORDINADORA CONTRA O AMI E OUTRAS PLATAFORMAS CONTRA O NEOLIBERALISMO

Despois do *Chamamento dos economistas contra o pensamento único* xurdiron novas asociacións na mesma liña e provenientes da esquerda máis combativa, ideolóxica e radical: ATTAC=Asociación para tasa-las transaccións financeiras, o movemento de capitais, seguindo a proposta do Premio Nobel de Economía, o americano James Tobin; e a Coordinadora contra el Acuerdo Multilateral sobre la Inversión (AMI).

Entre outras plataformas contra o neoliberalismo, contra o pensamento único, a globalización, a mundialización-economía mundo..., poderíamos cita-las seguintes:

<sup>7</sup> Para unha análise moi crítica da obra de Pierre Bourdieu véxanse, entre outros, a obra de:

MONGIN, O.; ROMAN, J. (1998): *L'après-1989. Les nouveaux langages du politique*. Hachette. [Ámbolos dous autores son, respectivamente, director e redactor xefe da prestixiosa revista francesa *Esprit* creada en 1932 polo pai do persoalismo comunitario: Emmanuel Mounier. Esta revista, que en bastantes dos seus números trata o asunto da globalización, do pensamento único, da internacionalización dos mercados e das súas repercusións sociais..., leva tempo polemizando con Bourdieu que, pola súa banda, lle dedicou a esta publicación duros ataques].

Outras obras que poñen en cuestión os postulados teóricos de Bourdieu son as dos seguintes autores:

GRIGNON, C.; PASSERON, J.C. (1998): *Lo culto y lo popular*. La Piqueta. (Grignon e Passeron foron os seus principais colaboradores, sobre todo Passeron). Colección "Genealogía del poder", dirixida por dous prestixiosos sociólogos: a galega Julia Varela e o asturiano Fernando Álvarez Uría, profesores de socioloxía da Universidade de Madrid. Esta colección vén publicando textos de autores clásicos e contemporáneos de grandes autores da socioloxía, da economía e das ciencias sociais sobre asuntos de máxima actualidade, incluído o liberalismo, as novas formas de dominación, etc.

LAHIRE, B. (1998): *L'homme pluriel. Les ressorts de l'action*. Nathan.

VERDÈS-LEROUX, J. (1998): *Le savant et la politique: essai sur le terrorisme sociologique de Pierre Bourdieu*, Grasset.

- A finais dos setenta (Thatcher gaña as eleccións en maio do 79 e Reagan en novembro de 1980), un grupo de economistas "progresistas", "de esquerdas", dos EE.UU. (nas universidades americanas estimouse en máis dun 10% o número de investigadores no campo da economía que seguen formulacións marxistas) formaron a Union of Radical Political Economics (URPE) e lanzaron a revista *Review of Radical Political Economics* (URPE) para opoñerse á "política da oferta" (*supply siders*), á reaganomía, ó neoliberalismo thatcheriano e reaganiano e ós seus tanques de pensamento, ós "novos economistas" que, cun grande éxito internacional, lanzaran esa política económica, esa filosofía, esa cultura...
- Os *unreconstructed keynesians* (keynesianos reconstruídos) do Robinson College da Universidade de Cambridge<sup>8</sup>. Trátase dun grupo de economistas: John Grieve Smith, Bob Rowthorn, Frank Wilkinson, Ajit Singh, Geoff Harcourt..., ós que os economistas do Centro de Rendemento Económico (en inglés CEP, que ten como principal animador ó economista Richard Layard e ó seu colaborador Stephen Nickell) da London School of Economics and Political Science dirixida polo sociólogo Anthony Giddens (un dos principais tanques de pensamento —a London School e Giddens un dos seus principais conselleiros, entre outros moitos— do novo laboralismo de Tony Blair, da súa política económica de "centro radical", do *welfare to work...*), bautizaron ironicamente con ese alcume ou apelativo. Os "keynesianos que non se deixan reconstruír" apoiaron o vello laboralismo "esquerdista" fronte ó "centro radical" do "centrista" Blair; promoveron a "política macroeconómica de demanda", de expansión monetaria, fiscal, obras e emprego público, de impulsión pública da demanda fronte á "política da oferta", de "meterlle man ó Estado"... As propostas destes optimistas e expansionistas keynesianos poden atoparse, entre outras, no libro publicado en 1996 por Macmillan e titulado *The Single Currency in National Perspective*.
- "Documento de los jesuitas sobre el neoliberalismo". Este documento foi aprobado por superiores provinciais da Compañía de Xesús de América latina e o Caribe na 34 congregación xeral, que tivo lugar en Cidade de México en 1997. Foi asinado por 16 provinciais latinoamericanos. O texto completo foi publicado no número 142 (abril-maio de 1997) da revista arxentina *Realidad Económica. Revista del Instituto Argentino de Desarrollo Económico*<sup>9</sup>. O Papa Juan Pablo II, na súa viaxe a México a finais de xaneiro do 99, fixo público en Cidade de México, o 23 de xaneiro do 99, o documento final do Sinodo dos bispos das Américas, no que se fai á "corrupción das persoas, das estruturas públicas e privadas de poder e ás clases dirixentes" responsables da débeda externa dos países do

<sup>8</sup> O nome de "Robinson" é en homenaxe á grande economista inglesa Joan Robinson (1903-1983), que estudou e foi unha grande profesora e investigadora da Cambridge University, autora en 1933 de *The Economic as Imperfect Competition*; en 1942 de *An Essay on Marxian Economics*; en 1955 de *Marx, Marshall, and Keynes*.

<sup>9</sup> Esta revista recíbese na hemeroteca da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela.



Terceiro Mundo. O documento analiza negativamente a globalización "*cando se rixe polas simples leis do mercado aplicadas segundo a conveniencia dos poderosos*". Entre os efectos negativos causados por esta, o Papa sinalou que o desemprego, a diminución e a deterioración de certos servizos públicos, a destrución do ambiente e da natureza, o aumento das diferenzas entre os ricos e os pobres e a competencia inxusta que coloca ás nacións pobres nunha situación de inferioridade cada vez máis acentuada".

- En América latina un grupo de políticos e de analistas de centro e esquerda están discutindo, tratando de romper coa política esquerdista imperante ata agora nese continente. Para, segundo din, "*preparar unha alternativa ó neoliberalismo que se aplica nos seus países*". Trátase do brasileiro Roberto Mangabeira Unger, profesor en Harvard; do coñecido profesor mexicano Jorge G. Castañeda; do senador mexicano independente e heterodoxo Adolfo Aguilar Zinser (que escribiu un libro sobre a derrota de Cárdenas nas eleccións presidenciais mexicanas de 1994, dando conta de tódolos males da esquerda mexicana); da arxentina Graciela Fernández Meijide, que conseguiu moi bos resultados nas eleccións lexislativas do seu país fronte ó peronismo de Menem e que, nunha fronte ampla, barallouse como candidata para enfrontarse a este; de Cuauhtémoc Cárdenas que lle gañou ó PRI a alcaldía de Cidade de México; de Ricardo Lagos, ministro socialista chileno e que aspira a gañar as presidenciais do seu país. Pero iso era antes de que estoupase o caso Pinochet; de Luis Inacio Lula, líder da esquerda do Brasil que foi de novo derrotado por Fernando Henrique Cardoso, e doutros importantes líderes da América latina.

Propóñense a cuadratura do círculo: saca-la esquerda latinoamericana do esquerdismo pertinaz no que estivo e que, en gran parte, segue sumida, e ó tempo non caer, como din eles, na "trampa da terceira vía tipo Blair, cunha aplicación en Sudamérica que representaría o presidente Cardoso".

Non convén esquecer que Cardoso foi un dos teóricos esquerdistas de América latina, autor e representante distinguido das teorías de esquerda da independencia. Sen embargo, Cardoso, agora como presidente do Brasil, onde está aplicando unha política liberalizadora da economía, nos seus discursos e intervencións critica moi duramente o neoliberalismo.

¿Que é o que propoñen estes importantes autores e líderes latinoamericanos como alternativa ó "neoliberalismo, ó pensamento único triunfante"? Pois nin máis nin menos que unha clara política liberal moi realista e pragmatista en materia económica e sociopolítica que consiste, ¡case nada!, en que o Estado recade, cando menos, o 30% da economía nacional en impostos. E, ademais, que estes ingresos fiscais se recaden por medio dos impostos indirectos como o IVE e non pola sacrosanta "vía progresista" dos impostos directos. Propoñen tamén aceptar as privatizacións ("*de tódalas formas, tampouco queda xa tanto por privatizar*", reconece Castañeda), o libre mercado pero "democratizado" e reformalo presidencialismo.

Mangabeira, despois deste *radical e innovador plan de actuación*, verdadeira, ampla e moi orixinal alternativa "progresista" ó "neoliberalismo dominante", sinala, non obstante, que *"para a esquerda tradicional é moi difícil internarse por ese camiño"*. Ten toda a razón, o camiño correcto dos dogmas sempre foi moito máis seguro. E se as cousas van mal, bótaselle sempre a culpa ó outro que, loxicamente, "é o mesmísimo demo, o puritísimo Satanás, o horroroso Belcebú, o 'nejrísimo' Inferno". O novo filósofo francés Pascal Bruckner, da xeración do 68, membro do Consello de Administración da Acción Internacional contra a Fame (AICF), militante moi activo contra a barbarie e a guerra da antiga Iugoslavia (acudiu a Saraxevo en varias ocasións, cando a cidade estaba sitiada), entre outros compromisos polos dereitos humanos, profesor na Universidade de Nova York e no Instituto de Estudos Políticos de París, escribiu, entre outros, un libro moi interesante no que critica o "politicamente correcto", o victimismo social, o terceiro mundismo, o maniqueísmo, a irresponsabilidade... no que se sitúan, en bastantes ocasións, certos progres, esquerdistas, radicais. Trátase de *La tentation de la innocence*. Grasset, 1995 (traducido por Anagrama). Véxanse neste sentido e do mesmo autor: *La mélancolie démocratique*. Seuil, 1990. Bruckner é autor xunto con Alain Finkielkraut de *El nuevo desorden amoroso* e *Al borde de la calle, la aventura*. Tamén é escritor de novelas.

Pero se non fose suficiente co que acabamos de citar sobre as propostas dos latinoamericanos anteriormente citados, o devandito senador mexicano Aguilar Zinser propón, ademais, achegarse ó Demo dos Demos, aprender do verdadeiro Imperio do Mal. Di Aguilar Zinser, e eu creo que ten razón, que para realizar unha fonda transformación de América latina resulta imprescindible *"el entendimiento estratégico con un sector estadounidense"*; *"vincular todo este esfuerzo a la reflexión de los demócratas de EE.UU."*<sup>10</sup>.

Este grupo de líderes latinoamericanos deberían de tomar nota do que lles aconteceu ós socialistas franceses nos últimos trinta anos. Primeiro con Mitterrand chegaron ó poder en 1981, logo de moitísimos anos na oposición, para facer unha política de "unión da esquerda". Unha política radical para "saír do capitalismo" de nacionalizacións, expansión da demanda pola iniciativa pública, fomento do gasto público... Con eles ía sabe-la dereita e os reaccionarios do mundo o que é bo. O trompazo foi descomunal. Tiveron que desvaloriza-la moeda, caeu fortemente a competitividade francesa e, ademais, xurdiu a esquerda golf, a esquerda caviar, o enriquecemento dos socialistas e dos seus amigos, o financiamento ilegal, o uso

<sup>10</sup> Véxase: MORENO, J. (1998): "Último aviso: progresistas de América latina, uníos", *El País*, (02-08-98), p. 6; *Política Exterior*, vol. XII, (setembro-outubro, 1998), núm. 6: "Documentación: después del neoliberalismo": "Un grupo de políticos latinoamericanos procedentes del centro y de la izquierda, convocados por Jorge G. Castañeda y Roberto Mangabeira, ha trabajado en la elaboración de una plataforma para buscar nuevas alternativas ideológicas. Conscientes de que tanto el fundamentalismo de mercado como el desarrollo populista de antaño resultan hoy inoperantes...", (pp. 171-179).

ilegal dos fondos reservados e dos servicios secretos, a corrupción, o abuso de poder... Nas eleccións lexislativas perderían máis de vinte puntos e o centro dereita faríase coas dúas terceiras partes da cámara lexislativa.

O socialista Jospin chegou de novo ó poder ó gañá-las eleccións lexislativas en 1998, prometendo que ía para-las privatizacións que non foi capaz de facer Juppé, o primeiro ministro do presidente Chirac, que foi unha auténtica catástrofe. Jospin dixo que ía poñer en marcha as 35 horas semanais sen perda de salario, opoñerse ó plan de estabilización europeo..., é dicir, que ía facerlle fronte á política neoliberal dominante que, por certo, de liberal non tiña nada ou moi pouco...

Agora, no poder, Jospin esqueceu boa parte das súas promesas ou suavizouas. Jospin está privatizando moito máis ca Juppé, o que non puido facer este. Aínda que, para contenta-los socios comunistas, ás privatizacións chámanlles "cesión de capital controlada"!!! (ou algo así). Está visto que a linguaxe, o nomear ben as cousas e oportunamente é a nai de tódalas batallas.

Jospin está liberalizando moito máis Francia que o prometido por Juppé, pero tamén sen pasarse. Jospin foi a EE.UU. e ¡herexía! veu contando marabillas do que estaban facendo en materia de política económica os demócratas de Clinton, os irmáns da alma do primeiro ministro Blair, o "traidor ó socialismo", que quere inventar unha "terceira vía". Este, que non estaba moi ben visto en Francia, en bastantes cousas, en materia de política económica, atópase na mesma liña que os demócratas americanos.

Jospin coa súa política alcanzou, está alcanzando as maiores cotas de popularidade e apoio nas enquisas. Cotas que se viron reforzadas co triunfo da selección francesa de fútbol no campionato mundial que tivo lugar en Francia en xuño-xullo de 1998. Época na que o fútbol foi o pensamento absolutamente único en Francia, dominouno, invadiuno todo como non sucedera nunca nese país con ningún outro fenómeno.

Iso si, Jospin, como os intelectuais e os líderes de América latina antes citados, e doutras partes, declara estar completamente en contra do pensamento único, do neoliberalismo dominante... E, segundo din, "a súa política é unha clara alternativa á, polo de agora, política reaccionaria dominante procedente do mundo anglosaxón".

Unha boa mostra de cómo se pode dicir unha cousa e facer todo o contrario no campo político e "triunfar", ofrécea o socialista francés, anteriormente citado, Jack Lang, home forte co intervencionista Mitterrand, co que foi ministro, e home forte cos socialistas "liberais" de Jospin. Di Lang, na primeira páxina de *Le Monde* (19 de agosto de 1998), no artigo —¡vaia artigazo para confirma-la teoría gatuna de Deng Xiao Ping!— titulado "Cap à gauche, cap ves l'audace" ("Rumbo á esquerda, rumbo á audacia"), entre outras moitas cousas e a cada cal máis proveitosa: "A confianza restablecida, o crecemento en marcha (é unha) cita coa esperanza. Non estraguémo-lo noso pracer e saboreemos este instante de gracia. A política de

*equilibrio e de cordura conducida con talento polo Goberno de Jospin tranquilizou a nación, amplia o impacto popular da esquerda e volve darlle ardor e optimismo ó país". ¿Hai quen dea máis, hai quen diga máis? Por suposto, Lang, que continúa dicindo: "A esperanza chama á esperanza. Numerosos son os (franceses) que, confiados no seu Goberno, esperan que o seu capitán, fortalecido co seu primeiro éxito, se sirva deste e oriente claramente a nosa acción cara ó rumbo da audacia. A audacia consiste en relegar ó almacén dos clixés superados que o estatismo sería de esquerdas e a liberación da economía de dereitas. O Goberno actual esbozou un New Deal ideolóxico pilotando as privatizacións —¡ousemos utilizar esta palabra ruín!— de varias compañías nacionais. Sen tambores nin trompetas, pero con determinación. Esta cesión de activos (¡¡¡olalalalalala!!, esta expresión admirativa é do traductor) non son, en si, de dereitas nin de esquerdas. Son as súas modalidades (clandestinas ou transparentes), ou as súas finalidades (para tapa-los buratos das finanzas públicas ou como fonte de dinamismo económico), o que define a coloración política". Pero aínda hai máis, Lang é unha auténtica mina, e segue: "Un estado liberado da súa esclerose e das súas cadeas, dos seus déficit e débedas, dará tódalas oportunidades para a creación, demasiado frecuentemente embridadas, das riquezas económicas". E xa, completamente lanzado, Lang, o visionario socialista Lang, que alcanzou o seu éxito político procedente do teatro, descobre, nin máis nin menos, como a gran renovación socialista de final do milenio (que Francia, cando estaba Mitterrand á fronte, se propuxo recibir, coa maior e máis custosa celebración mundial, a entrada do 2000), a "economía social de mercado", ¡¡lanzada polos demócratas cristiáns alemáns nos anos 50!! Lembremos que algúns dos máis críticos cos socialdemócratas alemáns de Willy Brand, cando abandonaron o marxismo a finais dos 50, foron os socialistas franceses. Continúa Lang: "Tal é unha das misións da esquerda contemporánea: facer emerxe-lo que Denis Oliiviennes chama unha "economía solidaria de mercado". Importantísimo cambio cualitativo, o de "solidario" por "social". E remata Lang con lindezas do mesmo calibre nun longo artigo (páxinas 1 a 9) no que, para que non faltase nada de nada, reivindica o triunfo do mundial de fútbol por Francia, con estas palabras, con este remate: "Só a mobilización potente do país —das súas intelixencias, talentos, corazóns, enerxías— permitirán rompe-las resistencias ó cambio. Demasiados políticos esqueceron o que o mundial nos descubriu: o desexo de aventuras colectivas. Francia dá o mellor dela mesma cada vez que se propón un gran proxecto de civilización. Á esquerda correspóndelle agora reencontrarse plenamente coa súa outra vocación histórica: poñe-lo país en movemento... ". Forte, ¿eh? ¡Forte! Presenta-lo fútbol francés como novo e esquerdista motor da historia, loado polos que antes o condenaban como opio do pobo... Uns días despois do mundial de fútbol en Francia (xuño-xullo de 1998), *Le Monde*, nunha editorial histórica, chegou a pedi-la supresión do Tour, *la grand boucle* —o deporte popular dos proletarios máis visto no mundo xunto ós mundiais de fútbol e*

ás olimpíadas— pola brutal irrupción do consumo de drogas —que falsea completamente a competición, o xogo limpo e dá lugar a graves lesións posteriores— incitada polo gran mercado das marcas, da publicidade, dos contratos multimillonarios, da busca do éxito como sexa... Ninguén falou da gran mobilización, da aventura colectiva... que simboliza o Tour. Debido ó escándalo do Tour, en Italia xurdiría posteriormente, por denuncias dun adestrador considerado rigoroso, unha investigación sobre a presenza da droga no "Calcio", a liga italiana de fútbol, a máis poderosa economicamente, publicitariamente e en asistencia de público, xunto coa inglesa e a española<sup>11</sup>. Logo do sucedido co Tour e coa liga italiana, xurdiron casos de uso de drogas entre as principais figuras do tenis e estalou a corrupción no Comité Olímpico, presidido por Samaranch...

Entre as publicacións que tratan sobre o "pensamento único", o "neoliberalismo dominante"..., podemos sinala-las seguintes:

- A revista mensual norteamericana *Monthly Review. An Independent Socialist Magazine*, que ten como *editors* a Paul M. Sweezy (o célebre autor, xunto co non menos célebre Paul Baran, da coñecida obra *O capital monopolista...*), Harry Magdoff, Ellen M. Wood e Leo Huberman (1903-1968).

Esta revista, promovida polos editores antes citados, autores de influencia internacional, foi constituída pola Monthly Review Foundation, institución sen fin de lucro. Dende 1949 vén organizando anualmente a "Socialist Scholarly Conference" (SSC) na que participan investigadores, analistas e autores de todo o mundo. A de 1999 leva por título "A World to Win: From the Manifesto to New Organizing for Socialist Change", para celebra-lo 150 aniversario da publicación do *Manifesto comunista* de Marx e Engels, e consta das seguintes mesas de traballo: "O traballo na era da globalización"; "Capitalismo e medios de comunicación"; "A crise do sueste asiático: imperialismo e capitalismo financeiro"; "¿Son irrelevantes os intelectuais de esquerdas?"; "O modelo chinés de desenvolvemento"; "Razas e clase". Nestas conferencias intervirán: S. Amin, S. Aronowitz, E. Bernard, L. Chancer, N. Chandra, P. Crane, B. Denitch, B. Figueroa, B. Fletcher, J.B. Foster, S.J. Gould, D. Harvey, D. Henwood, E. Herman, T. Lee, M. Löwy, H. Magdoff, M. Marable, K. Moody, F.F. Piven, D. Singer, P. Sweezy, P.I. Tai-bo, E.M. Wood. Todos eles publicaron traballos de "socioeconomía crítica", etc. Esta revista ten a colección editorial Monthly Review Press que acaba de edita-lo libro de Samir Amin: *Spectres of Capitalism. A Critique of Currente Intellectual Fashion*. Con motivo da celebración dos seus cincuenta anos no mercado (1949-1999) publicou o volume 50 (maio, 1998), dedicado ó 150 aniversario da publicación do *Manifesto comunista* de Marx e Engels, e que contén os se-

<sup>11</sup> Para analiza-lo artigo de J. Jang á luz dos feitos véxase: "Liberais e intervencionistas puros, brandos, duros... en Europa e o mundo", *Revista Galega de Economía*, vol. 7, núm. 1 (1998), pp. 311-352, onde se recolle unha entrevista a Jospin uns días antes das eleccións que gañou e outra co que hoxe é o seu ministro de Economía e Finanzas.

guintes artigos: Albert Einstein: "Why Socialism?", pp. 1-7, reprodución do artigo que o gran físico publicou cando saíu esta revista en 1949; P.M. Sweezy, H. Magdoff e E.M. Wood: "The Communist Manifesto. After 150 Years", pp. 3-35; S. Amin: "Spectres of Capitalism", pp. 36-39; D. Singer: "Why we Need a New Manifesto", pp. 40-43; P. Sowan: "Communists and Workers in Ex-Comunist Europe", pp. 43-56; E. Leary: "What Goes Around Comes Around", pp. 57-64.

- *Capital and Class*, revista publicada en Londres dende 1970 pola Conference of Socialist Economists. O número 65 (verán 1998) dedícase, entre outras cousas, a analiza-lo "New Labor" (A. Gray), "Labour and the Defense Industry Allies in 'Globalisation'" (J. Lovering), "'Work-Welfare' and the Regulation of the Poor: The Pessimism of Post-Structuralism" (P. Mizen), "Report: 2<sup>nd</sup> Encounter for Humanity and Against Neoliberalism, Spain 1997", "Obituary the Cornelius Castoriadis 11 March 1921-26 December 1997".

Entre outras revistas anglosaxonas poderíamos cita-las seguintes: *World Marxist Review*; *New Left Review*; *Theory and Society*; *Science and Society*; *Rationality and Society*; *Technology and Culture*; *Rethinking Marxism*; *Development in Practice* (A Fundación Hogar del Empleado-FUHEM, que leva a cabo un gran labor no campo da edición, que promove institucións como o Centro de Investigación para la Paz dirixido por Mariano Aguirre, que edita os informes anuais do Worldwatch Institute, etc., publica en castelán recompilacións de textos da prestixiosa publicación trimestral *Development in Practice*); *World Development*; *World Politics*; *Economy and Society*; *International Political Science Review*; *Economic and Industrial Democracy*; *Social and Economy Studies*; *International Labor and Working-Class History*; *Work and Occupations: An International Sociological Journal*; *HWJ-History Work-Shop Journal*; *The Journal of Modern History*; *Industrial and Corporate Change*; *New York Review of Books*; *Foreign Affairs*; *Philosophy and Public Affairs*; *Comparative Politics*; *Comparative Studies in Society and History*; *Politics and Society*; *Comparative Politics*; *Economics and Philosophy*; *American Journal of Sociology*; *American Sociological Review*; *American Political Science Review*; *American Economic Review*; *British Journal of Sociology*; *British Journal of Political Science*; *British Journal of Economy*; *Socio-Economic Planning Sciences*; *Journal of Conflict Resolution*; *Social Research: An International Quarterly of the Social Sciences*; *Comentary*; *Public Choice*; *Journal of Law and Economics*; *Administrative Science Quarterly*; *Transparency International* (informes internacionais sobre a corrupción), etc. Publicacións que analizan o xogo da economía, a globalización, a mundialización, etc., dende diferentes hipóteses e puntos de vista, contrarios en bastantes casos.

- *Le Monde Diplomatique*, revista mensual lanzada en 1982 polo xornal francés *Le Monde*. Esta reputada empresa xornalística, editorial e mediática, *Le Monde*, segue sendo propiedade dos xornalistas, dos profesionais e do persoal que a fai. Revista de grande éxito e repercusión, revista referencial especialmente para os

"progres" que a utilizan como emblema, cunha tiraxe de 200.000 exemplares e dirixida polo galego de Redondela, Ignacio Ramonet.

Esta revista tamén publica a colección "Manière de Voir" (antes 3 números por ano e, ultimamente, 6), onde se recollen artigos da revista sobre un tema concreto. O número publicado en agosto titúlase "Les combats de l'histoire" no que, entre outros, colaboran: N. Chomsky: "L'Indonésie, martyre du jeu américain"; A. Ben Bella: "Ainsi était le 'Che' "; J. Goytisoló: "Madrid 1936-Sarajevo 1996"; G. Perraut: "Communisme, les falsifications d'un 'Livre Noir' "; M. Lewin: "Pourquoi l'Union Soviétique fascina le monde"; S. Halimi: "Le musée de l'ordre"; I. Ramonet: "Tricoter passé et présent".

*Le Monde Diplomatique*, a partir de finais de agosto do 98, lanzou unha colección de "CD-ROM de peto" titulada "Comprendre" ("Comprender"). O número 1 dedícao a "La mondialisation" ("A mundialización") e trata sobre: "As estratexias globais das firmas multinacionais"; "O papel dos mercados financeiros, dos estados e das grandes institucións internacionais"; "O impacto das mutacións tecnolóxicas"; "As consecuencias sociais, ecolóxicas e culturais da mundialización tanto no norte coma no sur, da transformación do planeta nun xigantesco mercado"...

En *Le Monde Diplomatique* colaboran prestixiosos investigadores, universitarios e analistas de todo o mundo. Dende o seu lanzamento foi unha das publicacións que máis tratou, analizou criticamente e desenvolveu os temas do "neoliberalismo", o "pensamento único", a "mundialización", a "globalización da economía", o "novo imperialismo norteamericano"...

Esta publicación francesa ten unha edición española e tamén se editou/edita na América latina (onde algún dos seus xornalistas sufriron graves atentados) e noutras partes do mundo.

Ultimamente nesa publicación comezou a colaborar Pierre Bourdieu. En agosto do 98, *Le Monde Diplomatique* facía publicidade do seu número da seguinte maneira: Un número excepcional: "Contre le conformisme généralisé" ("Contra o conformismo xeneralizado"). P. Bourdieu, C. Castoriadis<sup>12</sup>, M. Vázquez Montalbán, G. Châtelet, S. Halimi, P. Virilio, B. Barber, I. Ramonet, B. Cassen, E. Saïd, D. Vidal, H.I. Schiller, D. Duclos, J. Berger, T. Negri, T.C. Frank, M. Augé, J. Chesneaux". Todos eles reputados e moi progres analistas críticos...

Entre outras revistas francesas poderíamos citar: *Actuel Marx*; *Herodote*; *Les Temps Modernes*; *L'Homme et la Société*; *La Pensée*; *Economies et Sociétés*; *Annales*, *Économies*, *Sociétés*, *Civilisations*; *Cahiers d'Economie Politique*; *Economie & Politique*; *Problemes Économiques* (inclúe a tradución de artigos de varios países, organismos internacionais, etc.); *Problemes Politiques et Sociaux* (artigos e documentos); *Économie Internationale*; *Revue Tiers Monde*;

<sup>12</sup> A este comprometido, combativo e vitalista intelectual que faleceu hai pouco réndenselle agora grandes homenaxes, cando en vida, e en Francia, foi bastante marxinado pola súa actitude moi crítica cara á esquerda instalada, nomenclaturista, burocratizada, dogmática...

*Travail et Emploi; Sociologie du Travail; Le Débat; Esprit; Revue Française de Sociologie; Revue Française de Science Politique; Projet; Pouvoirs; Revue Française de Gestion; Revue Française de Marketing; Sciences Humaines; Le Monde de l'Éducation, de la Culture et de la Formation...* Publicacións que analizan a mundialización, a globalización, etc., dende hipóteses e puntos de vista, en bastantes casos, contrarios, antagónicos...

- A revista arxentina *Realidad Económica*, lanzada en 1979 e editada polo Instituto Argentino para el Desarrollo Económico (IADE).
- A revista *Pensamiento Iberoamericano. Revista de Economía Política*, fundada en 1982 e que está patrocinada polo Instituto de Cooperación Iberoamericana (ICI) de España, pola Agencia Española de Cooperación Internacional (AECI) e pola Comisión de Economía para América Latina y el Caribe (Nacións Unidas-Santiago de Chile) —CEPAL—.

*Pensamiento Iberoamericano* está dirixida por Oswaldo Sunkel e a súa secretaria de redacción é Verónica Montecinos (Pen State University). Do seu consello de redacción forman parte Oscar Altini da CEPAL, Carlos Bazdres da revista *El Trimestre Económico* de México, José García Delgado da *Revista de Economía* de España, Eugenio Labera da *Revista de la CEPAL* de Chile, Augusto Mateus de Portugal e Juan Muñoz (que foi profesor de estrutura económica na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela) de CE-DEAL España. Á xunta de asesores de *Pensamiento Iberoamericano* pertencen: Aníbal Pinto (presidente), A. Serrano, F.H. Cardoso (presidente do Brasil), E. Fuentes Quintana (que foi ministro de Economía e Facenda co presidente Suárez), L.A. Rojo (presidente do Banco de España)...

Entre outros, o número 27 (xaneiro-xuño 1995) de *Pensamiento Iberoamericano*, coordinado por Stephy Griffith (que di na súa introducción: "*El vuelco neoliberal de las políticas reaccionarias, la globalización financiera...*"), trata monograficamente o asunto "El sistema financiero, globalización e inestabilidad". O número 30 (xullo-décembro 1996) ten como editora invitada a Verónica Montecinos (que como introducción fai o traballo titulado "Ambigüedades y paradojas del poder tecnocrático en América latina") e desenvolve monograficamente o asunto "Economistas: técnicos en política".

- A *Revista Mexicana de Sociología* do Instituto de Investigaciones Sociales da Universidad Nacional de México, fundada en 1939. Trátase dunha das publicacións que, xunto a outras instancias e publicacións (FCE, CEPAL, etc.), lanzou e divulgou as teorías estruturalistas da dependencia, das vellas e novas formas de colonización, de dominación, as teorías de Marx/Lenin/Stalin/Mao/Trosky/Rosa Luxemburgo/Sorel/Sartre..., o Che, Fidel, Ho Chi Ming, Lumumba, Althusser, Lévi-Strauss, Amin, Wallerstein, Aglietta, Fanon, González Casanovas, Prebisch, Furtado, Faletto, Cardoso, Marini, Jaguaribe, Gunder Frank, Sunkel, Pinto, Guzmán-Bockler, Zahar, Rama, Rofman, Graciarena, I. Sotelo, Petras, Debray, T. dos Santos, Mendes, Ribeiro, M. Castells, Touraine, Uribe, Laclau, Ingrassio, Lopes, Dorfman, Stavenhagen, Lafont, Godelier, Terray, Fleycher, En-



ders, Singer, Hirschman, Marta Harnecker... Algún destes importantes autores, posteriormente, cambiarían as súas concepcións e propostas de forma radical e incluso, como Regis Debray, publicarían libros moi autocríticos.

- A revista *Zona Abierta*, dirixida e promovida polo profesor e investigador Ludolfo Paramio. Foi lanzada en 1974 e en 1991 pasa a ser publicada pola Fundación Pablo Iglesias, que conta tamén cunha editorial. *Zona Abierta* é unha revista interdisciplinar de socioloxía, economía, ciencia política, estudos estratéxicos..., preocupada pola gran teoría. Recolle traducións de artigos e estudos publicados en grandes centros e revistas internacionais, debates científicos sobre múltiples temas políticos, económicos, ideolóxicos, culturais, sociais, que teñen que ver coa globalización, co pensamento único, co pensamento político correcto... Isto non exclúe as implicacións político-ideolóxico-económico-empresariais-culturais... a escala macro- e microsocioal desta publicación, dos axentes e grupos sociais implicados nela, e que non poden nin deben esquecerse, ó igual que os seus intereses, espazos posicionais, fontes de financiamento, etc., á hora de analiza-las funcións sociais desta e do resto das publicacións.

*Zona Abierta* en 1997 publicou xuntos os números 80/81, coordinados por Fernando Aguilar e Leopoldo Moscoso, como compiladores (son membros do seu consello de redacción onde, entre outros, tamén figuran: Judith Astelarra, Julio Carabaña, Manuel Castells, Santos Juliá, Ramón Máiz, Sisino Perex Garzón, Jorge M. Reverte, Marisa Revilla —secretaria de redacción—, Miguel Satrústegui, Mónica Trelfall), dedicados monograficamente ó tema "Teoría y metodología de las revoluciones", e no que interveñen R. Aya, M. Burawoy, L. Moscoso, T. Kuran, J.A. Goldstone e M.I. Lichbach. Este número dobre contén múltiples referencias a estudos clásicos e contemporáneos sobre o asunto tratado e unha abundante bibliografía.

- A revista *Mientras Tanto* de Barcelona que continúa a obra da desaparecida *Materiales*, entre outras. Lanzada en 1979, está editada pola Fundación Gulia Adinolfi-Manuel Sacristán (o gran filósofo español), e animada por Francisco Fernández Buey, José Ramón Capella, Eric Tello, Jorge Riechmann, Joaquín Sempere, Lourdes Beneria, Víctor Ríos, etc.

Esta revista destinou o seu número 70 (outono de 1997) a analizar "La globalización de la economía: bases para un programa de intervención" e no seu número 71 de 1998 contén o artigo de Lourdes Beneria: "K. Polanyi, la construcción del mercado global y la 'diferencia' de género", pp. 61-80, e outro relativo á economía do terceiro sector: "Las entidades de solidaridad en la encrucijada. Cuestiones abiertas", pp. 103-120.

- A revista *Archipiélago* de Pamplona-Barcelona, fundada en 1988, e animada por J.A. González Sáinz, E. Lizcano, I. Escudero, A. García Calvo, J. Varela, F. Álvarez Uría, J.M. Naredo, T. Ibáñez, J. Martínez Alier, E. Santamaría, X. Bermúdez... Publicou números sobre: "El poder del discurso" (núm. 1); "El peso de la justicia"; "Crisis, fractura, revolución"; "De la paz y la guerra"; "Ecología y bar-

barie"; "La ilusión democrática"; "Denominación de origen: extranjero"; "Gilles Deleuze: pensar, crear, resistir"; "Pobreza y peligro"; "El nuevo caudillismo. Populismo, nacionalismo, demagogia"; "En la salud y la enfermedad"; "Formas de exilio"; "La epidemia neoliberal"...; e tamén artigos sobre a globalización (E. Morin: "El desafío de la globalidad", etc.). O número 35 de 1998 dedícao á economía co título "Entre las ruinas de la economía", con artigos de Naredo, Leontief, Passet, Meadows, Alperortiz, etc.

- *Revista Internacional de Filosofía Política*, fundada en 1993 polos departamentos de filosofía da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de España e pola Universidad Nacional Autónoma de México (UNAM). Esta revista dedicou o seu número 1 (maio de 1998) ó tema "¿Qué ciudadanía? El reto de las minorías", onde se inclúen, entre outros, os artigos de Fernando Savater: "Una ciudadanía caopolita"; de J. Peña: "Sobre la responsabilidad política"; unha entrevista a Richard Rorty: "La apuesta filosófica por la polémica" e un comentario crítico do libro de J.M. Rosales (1997): *Patriotismo, nacionalismo y ciudadanía: en defensa de un cosmopolitismo cívico* (Bogotá: Universidad Externado de Colombia). Outros asuntos tratados por esta revista son os seguintes: no número 2 "La identidad", no número 3 "Nacionalismo y política" (1994), no número 6 "Economía y política: restricciones estructurales" (1995), no número 7 "Dimensiones políticas del multiculturalismo" (1996), no número 9 "Hacia una definición del espacio político internacional" (xuño de 1997), no número 10 "Repensar el universalismo" (decembro de 1997).

Parte destas publicacións continúan a tradición marxista, estruturalista e neoestruturalista que lanzaron os estudos marxistas sobre a explotación, a acumulación, a dominación e a revolución; sobre as leis do desenvolvemento económico, dos ciclos económicos; sobre as leis do proceso histórico; sobre o capital monopolista do estado, o imperialismo como fase superior do capitalismo, o hexemonismo, a nova orde económica internacional e a división internacional do traballo; sobre a teoría do intercambio desigual, o colonialismo exterior e interior e a teoría da dependencia centro-metrópole e periferia; sobre o poder das transnacionais, das multinacionais, do capital financeiro, dos grandes bloques político-económico-militar-industrial-mediático-empresarial-culturais... e dos seus tanques de pensamento; sobre as teorías da alienación capitalista, do home unidimensional, uniformado, masa, incomunicado... nas súas diversas fases capitalistas e sobre todo nas superiores; sobre o ecosocialismo e o ecopacifismo, o movementismo, os "novos" movementos de liberación nacional, do "novo dereito á preguiza do traballar menos e vivir mellor"; do "vivir doutra maneira máis sobria, libre, austera, autónoma, creativa". Estas publicacións enlazan coas teorías sobre as novas formas de dominación, explotación, acumulación da economía dixital e as novas tecnoloxías de Silicon Valley, etc., coas teorías do multiculturalismo, do comunitarismo, dos "novos" movementos sociais, da economía social-terceiro sector, da economía cuaternaria do capital intelectual-capital creativo, da etnoeconomía,

da economía virtual, da economía do lecer e a redución do traballo, sobre as teorías da descompresión económica supercompetitiva e por unha economía máis humanizada, solidaria, integradora e austera, equilibrada coa natureza e co medio natural, emprendedora, creativa, emancipadora e menos superconsumista-supercompetitiva, alienante, depredadora, explotadora, esquiladora, ostentosa e violenta.

Poderían, tamén, sinalarse as seguintes publicacións periódicas (a maior parte delas revistas científicas de ciencias sociais, pero hainas tamén críticas, sociopolíticas, culturais, de pensamento, profesionais, bibliográficas, de diferentes centros, entidades, asociacións...) feitas en España que trataron/veñen tratando dende diferentes e, en bastantes casos, contradictorios puntos de vista algún dos asuntos que debatemos neste traballo sobre as diferentes estratexias económicas: a liberal, a intervencionista, a relativa á globalización, a mundialización da economía e sobre as súas consecuencias en múltiples campos...: *Abaco. Revista de Cultura y Ciencias Sociales*; *Africa/América Latina*; *Agália* (Associação Galega da Lingua, Galicia, dirixida por María do Carmo Henríquez); *Agricultura y Sociedad*; *Ajoblanco*; *Amnistía Internacional* (informe e revista); *Análise Empresarial* (Unipro editorial, Galicia, dirixida e animada por Alfonso Rivas); *Analisi. Quaderns de Innovació i Cultura*; *Andaina* (Galicia, revista feminista galega, dirixida por Nanina Santos Castroviejo); *Anthropos*; *Anuario La Situación en el Mundo/Informe del Worldwatch Institute*; *Anuario CIP/Centro de Investigación para la Paz*; *Autogestión*; *América Latina, Hoy. Revista de Ciencias Sociales*; *Boletín de la UNESCO*; *Cadernos de A Nosa Terra de Pensamento e Cultura* (Promocións Culturais Galegas, Galicia, dirixida por Alfonso Eiré); *Cadernos do Povo, Revista Internacional de Lusofonia* (Irmandades da Fala de Galicia e Portugal, Galicia e Portugal, dirixida por José Luis Fontenla); *Cadernos de Psicología* (Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, Galicia, dirixida por Elixio Domarco); *Ciudad y Territorio*; *Claves de Razón Práctica*; *Cooperativismo e Economía Social* (Asociación para a Economía Social, Universidade de Vigo, Galicia, dirixida por Iago Santos Castroviejo); *Conciencia Social. Anuario de Didáctica de Xeografía, Historia e Outras Ciencias Sociais*; *Economía, Trabajo y Sociedad* (informe anual do Consello Económico e Social); *El Correo de la UNESCO* (tamén se edita en galego); *Cuadernos de Debate Internacional*; *Cuadernos del Este*; *Cuadernos Económicos de Información Comercial Española-ICE*; *Cuchara y Paso Atrás*; *Cuenta y Razón*; *Debats* (esta revista, editada pola Deputación de Valencia, veu incluíndo nos seus números a tradución de grandes autores internacionais que trataron sobre a globalización, etc.); *Deusto Management Review* (que inclúe a tradución de artigos da prestixiosa *Harvard Management Review*); *Disenso*; *Documentación Social*; *Ecología Política*; *Economía Exterior*; *Economía y Sociología del Trabajo*; *Economistas*; *Educación y Sociedad*; *El Basilisco*; *El Viejo Topo*; *Encrucillada. Revista de Pensamento Cristián* (Galicia, dirixida por Andrés Torres Queiruga); *Entre Culturas*; *Estudios Migratorios* (Galicia, Consello da Cultura Galega, editores María Xosé Rodríguez Galdo, Xosé Ramón Barreiro, V. Peña Saavedra); *Galicia en Clave Económica*.

*Revista do Consello Galego de Políticas Públicas*; *Grial* (editorial Galaxia, Galicia, dirixida por Carlos Casares); *Información Comercial Española*; *Informes del Centro de Investigación para la Paz* (CIP)/números especiais CIP; *Isegoria. Revista de Filosofía Moral y Política*; *La Política. Revista sobre el Estado y la Sociedad*; *Lateral*; *Letra Internacional*; *Leviatán*; *Luzes de Galiza* (edicións do Castro-Complejo Sargadelos, Galicia, dirixida por Manuel Rivas e Antón Baamonde); *Migraciones* (Instituto Universitario de Estudios sobre Migraciones, Universidade de Comillas); *Nueva Revista de Política, Cultura y Sociedad*; *Outras Vozes*; *Papeles de Economía*; *Papeles para la Paz/Papeles-Cuestiones Internacionales de Paz, Ecología y Desarrollo* (Fundación Hogar del Empleado-FUHEM); *Papers. Revista de Sociología*; *Poder y Sociedad*; *Política Exterior*; *Política y Sociedad*; *Revista CIDOB d'Afers Internacionals*; *Revista de Antropología Social*; *Revista de Economía*; *Revista de Educación*; *Revista de Estudios Asiáticos*; *Revista de Estudios Políticos/Revista del Centro de Estudios Constitucionales*; *Revista de Fomento Social*; *Revista de Libros* (inclúe traducións de *New York Review of Books*, etc.); *Revista de Occidente*; *Revista de Servicios Sociales y Política Social*; *Revista Española de Estudios Norteamericanos*; *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*; *Revista Galega de Economía* (revista creada pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, Galicia, animada moi competentemente pola secretaria de redacción, María Pilar Bello); *Revista Iberoamericana de Autogestión y Acción Comunal*; *Revista del Instituto de Estudios Económicos*; *Revista Internacional de Ciencias Administrativas-Revista Internacional de Administración Pública Comparada*; *Revista Internacional de Ciencias Sociales* (importante revista das Nacións Unidas que se vén publicando dende hai bastantes anos en varios idiomas); *Revista Internacional de Sociología*; *Revista Internacional del Trabajo*; *Revista Mundial de Sociología* (Galicia, dirixida por Antón Álvarez Sousa); *Rif Raf*; *RS. Cuaderno de Realidades Sociales*; *Sistema*; *Situación Latinoamericana*; *Sociedad y Utopía*; *Sociología del Trabajo*; *Sociológica. Revista de Pensamiento Social* (dirixida por Luis Saavedra, fundada na Facultade de Socioloxía da Universidade da Coruña en 1997); *Telos*; *Temas Americanistas*; *Temas para el Debate*; *Tempo Exterior* (Instituto Galego de Información e Documentación Internacional, Galicia, dirixida por Xulio Ríos); *Tempos Novos* (Galicia, dirixida por Luis Álvarez Pousa); *Tiempo de Paz*; *Trabe de Ouro* (edicións Sotelo Blanco, Galicia, dirixida por Xosé Luis Méndez Ferrín); *Urogallo*; *Utopías/Nuestra Bandera*; *Viento Sur*; *Zona Abierta*.

## ENCUENTRO INTERNACIONAL PARA A HUMANIDADE E CONTRA O LIBERALISMO E O PENSAMENTO ÚNICO

Mención especial na "loita dos pobos e da intelectualidade contra o pensamento único" merece o *I Encuentro Internacional para la Humanidad y Contra el Liberalismo*, que tivo lugar en Chiapas no verán de 1996, na aldea La Realidad na sel-

va Lacandona, promovido polo Exército Zapatista de Liberación Nacional (EZLN) e dirixido polo subcomandante Marcos (pois, para seguir coa mitoloxía heroica, iconográfica, lírico-santoral, *comandante* só houbo un: o Che Guevara, por iso Marcos, o da carapucha e a pipa, é subcomandante...).

Marcos, sabendo xogar habilmente coa linguaxe, coas narracións, coa mitoloxía e, sobre todo, con internet, cos novos medios de comunicación, coa sociedade do espectáculo e da representación, co "marketing da nostalxia" (os Rolling Stones e outros moitos convertéronse en multimillonarios de miles de millóns, ó manexalo maxistralmente, ó vende-la nostalxia espectacular e publicitariamente a escala global, cósmica, internáutica) soubo atraer a prestixiosos intelectuais e a colectivos de todo o mundo; soubo capta-la atención de numerosos e diversos medios de comunicación do mundo, que atoparon nel unha boa persoaxe e no seu movemento un bo produto para o potente e frenético mercado mediático, para o lanzamento de novos mitos...

En La Realidad, Marcos, rodeado da *crème de la crème* movementista mundial, lanzou un novo manifesto para salva-lo mundo do novo mal absoluto: o neoliberalismo, para volver atopa-lo camiño do paraíso perdido, da festa revolucionaria... O movemento, o Exército Zapatista de Liberación Nacional cunha especie de Zorro á fronte, o descoñecido, enigmático e encarapuchado (México, na loita libre, unha das súas grandes paixóns populares, ten unha gloriosa tradición de loitadores encarapuchados) subcomandante Marcos (ó que Joaquín Sabina, un dos cantantes preferidos polo novo líder guerrilleiro, lle dedicou unha canción, seguindo a tradición do canto revolucionario ós Zapata, Guevara e outros moitos mitos populares. Pero como *pasou o que pasou* con tantas e tantas revolucións que tiveron lugar, que foron tan epicamente cantadas, Sabina, como o subcomandante, sabe poñer música a ton cos novos mercados do compromiso, unha música un pouco máis irónica, descrida, vital, personalista, amorosa, sen por iso esquece-los fusís que "matan ós que matan" e demais lírica revolucionaria de combate...) fixo 1, 2, 3, 4... declaracións da selva Lacandona, unha gran consulta nacional e internacional sobre o seu movemento e a liña que hai que seguir para enfrontarse ó pensamento único, ó neoliberalismo, á globalización<sup>13</sup>.

Sen embargo, a festa non puido ser completa, pois Bertrand de la Grance (correspondente do xornal *Le Monde* en México dende 1993 e que seguiu os movementos que tiveron lugar en América latina dende 1978) e Maite Rico (correspondente en México do xornal *El País* dende 1994) publicaron un libro de bo xornalismo de investigación titulado *Subcomandante Marcos. La genial impostura*. (El País/Aguilar, 1998) Neste traballo, os autores descubren a montaxe, o marketing do "xenial" Marcos e as súas "posturas". O antropólogo americano David Stoll, logo de anos de investigación, de entrevistar sobre o terreo a numerosos

<sup>13</sup> Véxase unha recensión deste movemento, do *I Encuentro Internacional para la Humanidad...*, do tratado nas súas mesas de traballo, feita polas galegas Trinidad Villar e Nuria González, da Asociación para a Economía Social, que foron invitadas —que participaron— nese encontro, na revista galega *Cooperativismo e Economía Social*, núm. 13, (xaneiro-xuño, 1996), pp. 130-144.

implicados, publicou en inglés en 1998 o libro *Rigoberta Menchú y la historia de todos los pueblos guatemaltecos*, na que rebate a biografía desta guatemalteca indíxena, Premio Nobel da Paz: *Me llamo Rigoberta Menchú y así me nació la conciencia*, feita por unha antropóloga venezolana, logo de 19 horas de grabación con ela. A antropóloga venezolana déulle-la razón a Stoll e xa lle confirmaron diferentes e moi importantes feitos que poñen de manifesto que foron terxiversados, que non respondían á verdade. Stoll sinala que esa obra inscribíase na política propagandística da *guerrilla*. Descubren o que hai detrás e diante do seu movemento mediático, selvático, apostólico..., ó que se apuntou o *happy few* dos intelectuais progres máis *chic*, coa muller de Mitterrand en primeira liña (que é, tamén, unha gran defensora do dictador Fidel Castro, entre outros), Alain Touraine, Régis Debray e outros moitos<sup>14</sup>. Non hai que esquecer que Foucault e outros picaron, tamén, nun principio, coa revolución xomeiniana e xa vemos ó que chegou a cousa... Por non falarmos do arroubo desencadeado por Stalin entre grandes intelectuais, ó que chegaron a dedicarlle poesías moitos intelectuais como o español-francés Jorge Semprún (que foi ministro de cultura nun dos gobernos do presidente González e que actualmente é, entre outras cousas, membro do consello de administración dunha das empresas participadas polo grupo PRISA, de Sogecable-Canal Satélite Dixital —que quería quedarse monopolisticamente-maioritariamente co control das transmisións televisivas do fútbol español—, que preside Jesús de Polanco, e do que é vicepresidente Juan Luis Cebrián e do que tamén forman parte Carlos March, Ramón Mendoza, José Antonio Casaus... O seu accionariado está composto nun 25% por PRISA, outro 25% por Canal Plus-Francia, un 15,8% polo BBV, outro 15,8% polo Grupo March, un 7,8% por Eventos, un 5,3% por Bankinter e outro 5,3% por CajaMadrid. Nótese como o fútbol é un motor económico esencial que mobiliza os grandes poderes políticos, mediáticos, económicos da España de onte e de hoxe, igual cós doutros países).

En calquera caso, hai outros réximes autoritarios que, en lugar de avanzar no mantemento e desenvolvemento dos dereitos democráticos, humanos, cidadáns, da muller, etc., retroceden gravemente ou mantéñense anos e anos autoritariamente, sen cambios significativos, violando as liberdades, como é o caso de Irán, Iraq, Alxeria, Afganistán (os talibáns e o multimillonario paquistaní que dirixe un grupo de acción terrorista internacional foron apoiados no seu día polos EE.UU. para enfrontarse ó comunismo), Sudán, os Emiratos Árabes (EE.UU. é o firme aliado de Arabia Saudita, Kuwait..., onde imperan réximes dictatoriais fundamentalistas, medievais), Indonesia (o réxime dictatorial e corrupto de Suharto foi apoiado activamente polos EE.UU. durante anos e anos), Marrocos (o réxime sanguinario e represor do rei Hassan, onde se deu algún avance en materia de dereitos, foi e é apoiado polos EE.UU. e polo mundo occidental) ou Nixeria (a sanguinaria dictadura militar nixeriana foi apoiada por algunha das grandes multinacionais petrolei-

<sup>14</sup> Véxanse tamén:

LE BOT, Y. (1997): *Sous-commandant Marcos. Le rêve zapatiste*. Seuil.

LÓPEZ, M.; PAVÓN, D. (1998): *Zapatismo y contrazapatismo. Cronología de un enfrentamiento*. Grupo Omega.

ras. O que tamén sucedeu no seu día en América latina e noutras partes do mundo, con ditaduras bananeiras, con todo tipo de golpistas, ditadores, que contaron co apoio americano para derrocar a dirixentes democráticos, para manter réximes fondamente represores, autoritarios, sanguinarios, corporativos...). Actualmente, vemos como os ditadores marxistas-leninistas da China, que presiden un réxime represor e corrupto, reciben o trato de nación máis favorecida economicamente polos EE.UU., nación que mantén relacións diplomáticas ó máis alto nivel con aquel país, que realiza intercambios diplomáticos ó máis alto nivel cando, á vez, penaliza economicamente a Cuba, outra represora ditadura marxista-leninista pero menos sanguinaria cá chinesa.

É dicir, os que se proclaman partidarios das liberdades, dos dereitos democráticos, cidadáns, humanos, da competencia mundial con principios, do xogo internacionalmente limpo, do comercio mundial aberto, dos tratados de libre comercio... esquecense das súas proclamas, dos principios, das liberdades á hora de defende-los seus intereses económicos, as súas prerrogativas, os seus privilexios. Este é o caso dos EE.UU., pero tamén dos países do mundo occidental máis avanzado: Alemaña, Inglaterra, Francia, Canadá, Holanda, Bélxica, Italia, Suecia..., como se viu, como se está vendo tódolos días en casos como os das vendas de armamentos—incluído o material para torturar—e outros grandes negocios internacionais (véxanse os últimos informes anuais de Amnistía Internacional, a campaña de denuncia desta ONG contra as vendas de armas a países en guerra, contra a fabricación e venda por parte de países occidentais de todo tipo de material para torturar, etc.), en casos como os de Iugoslavia, Ruanda, Angola, A República Democrática do Congo/Zaire, Irán, Iraq, Alxeria, Etiopía, O Sahara, Timor, Liberia, Sudán, Albania ou narcoréximes como Birmania; como sucedeu e sucede en diferentes países de África, de Asia, de América latina, do mundo oriental, antigos países comunistas do leste... [véxanse: Balencie, J.M.; Grange, A. de la; Ruffin, J.C. (1996): *Mondes rebelles. t.1: Amériques, Afrique; t.2: Asie, Maghreb, Proche et Moyen Orient*, onde analiza os conflitos violentos no mundo, das grandes matanzas, os escaparates da miseria, da economía global criminal; Barber, B.R. (1996): *Djihad versus McWorld*. Desclée de Brower. Neste libro o autor analiza as consecuencias da uniformización globalizadora a escala macro- e microsocia, o rexurdir dos fanatismos, dos integrismos...].

En España tivo lugar, como di no cartel coa estrela de cinco puntas (Madrid, Aragón, Almuñécar, Cataluña, El Indiano-Cádiz, os lugares onde tivo lugar) o *II Encuentro Intercontinental por la Humanidad y Contra el Neoliberalismo*, celebrado do 25 de xullo ó 3 de agosto de 1997 no Estado español-Europa-planeta Terra. Deste encontro infórmase na revista mensual *Página Abierta*, que é unha das publicacións que se vén distinguindo en España pola súa loita contra o chamado "pensamento único, o neoliberalismo...". É unha revista de boa factura, que xorde da fusión do Movemento Comunista coa Liga Comunista Revolucionaria e que leva a cabo múltiples iniciativas no campo editorial, cultural, político, da acción e mobilización sociais.

Non obstante, nunca chove a gusto de todos, pois a globalización tan atacada polos vellos e novos críticos do pensamento único, da internacionalización do capitalismo, tamén é criticada no *Wall Street Journal* (WSJ), o xornal, a empresa mediática símbolo do capitalismo máis feroz, agresivo e competitivo. En efecto, nun número de agosto do 98 (*Cinco Días*, luns 17 de agosto de 1997, que inclúe un suplemento destinado ó WSJ), que está asinado por Ip. Grep, xornalista do WST Ip., danse os seguintes e "sorprendentes" titulares: "La globalización debilita las empresas de EE.UU.". O amplo artigo (pp. 19 a 22) inclúe cadros estatísticos e gráficas cos seguintes titulares: "La otra cara de la globalización"; "Las firmas de EE.UU. son más globales, pero el crecimiento global se desacelera y el dólar está subiendo". E remata co seguinte titular: "El lado poco atractivo de la globalización". O *New York Times* e outros importantes medios, no seu día, tamén incluíron artigos chamando a atención, dando o berro de alarma sobre "a ameaza ó mundo libre, á propiedade privada individual, familiar..." que supoñen as novas formas de globalización económica representada polos fondos de investimento, polos fondos de pensións... Os articulistas non tiñan vergonza en declarar que aínda que os EE.UU. conseguiran derrotar ó Imperio do Mal, ó comunismo, este estaba a filtrarse de forma sutil, sibilina... polas novas formas de propiedade das empresas<sup>15</sup> a que dan lugar os fondos de investimento, de pensións que, sen ningunha dúbida, segundo o publicado neses medios, poñen gravemente en perigo a propiedade individual e familiar, isto é, a esencia e o motor do verdadeiro capitalismo...

Sobre o pensamento único, a globalización, a mundialización..., e como primeira entrega neste número da *Revista Galega de Economía*, imos ofrece-los seguintes documentos: a traducción do "Chamamento para saír do pensamento único", seguido dunha entrevista: "Las políticas económicas liberales estrangulan el crecimiento" publicada por *Le Monde Économie* (20 de maio de 1997) a Hoang-Ngoc Liêm, presidente do colectivo formado a partir dos asinantes dese manifesto, e que é profesor agregado (maître de conférences) de economía na Universidade de París I (París-Francia).

Por razóns de espacio, deixamos para unha segunda entrega outros documentos que dan conta de formulacións contrarias ás que se inclúen neste número, que analizan a globalización en lóxica liberal e noutra perspectiva. Trátase da entrevista (*Le Monde Économie*, de 26 de maio de 1998) a Paul Krugman<sup>16</sup>, catedrático de economía do Massachusetts Institute of Technology (MIT), titulada: "En la mundialización hay más ganadores que perdedores".

<sup>15</sup> Véxase: "O control accionarial das grandes empresas: o *corporate governance*. Entrevista a Michel Albert...", *Revista Galega de Economía*, vol. 4, núm. 1-2, (1995), pp. 159-164.

<sup>16</sup> Véxase: GARCÍA MENÉNDEZ, J.R. (1998): "Paul Krugman e os novos enfoques da economía internacional", *Análise Empresarial. Revista Galega de Economía e Ciencias Sociais*, núm. 27. Esta revista, publicada en Pontevedra gracias á iniciativa, á dedicación e ó esforzo do economista e empresario Alfonso Rivas, merece ser destacada pois non ten detrás ningunha institución pública e trata de recoller nas súas páxinas, cun espírito aberto e cunha gran preocupación por Galicia, a tódolos que en Galicia e fóra dela realizan traballos no campo do mundo económico, empresarial, sociolóxico, antropolóxico e demais ciencias sociais. Neste número tamén se inclúe o artigo de G. Dimenil e D. Lévy: "Engaioladores do marxismo e perspectivas da economía de Marx".



Krugman foi invitado a Galicia polo prestixioso economista español Guillermo de la Dehesa, *vicechairman* do Centre for Economic Policy Research (CERP) de Londres, director do Instituto de Estudos Económicos da Fundación Barrié de la Maza do Banco Pastor (dende o que vén desenvolvendo unha destacada actividade coa realización de seminarios, xornadas de economía, publicación de traballos de investigación económica sobre a realidade galega, promovendo estudos e informes sobre a economía galega...), do que foi conselleiro-delegado e co que segue vinculado. Krugman deu unha conferencia na Coruña, na Fundación Barrié de la Maza do devandito banco. Esta institución, por iniciativa de Guillermo de la Dehesa, leva organizando conferencias con prestixiosos economistas de ámbito nacional e internacional.

No marco da celebración da conferencia de Krugman, que tivo lugar en 1998, o economista americano, acompañado de Guillermo de la Dehesa, foi entrevistado polo equipo directivo e económico de *La Voz de Galicia* (entrevista publicada no devandito xornal o 16 de xaneiro de 1998).

Incluiremos tamén o artigo de Peter D. Sutherland, presidente do Consello para o Desenvolvemento de Ultramar (CDO-The Overseas Development Council) e de Goldman Sachs International. Foi director xeral do GATT (Acordo Xeral sobre as Tarifas e o Comercio) e comisario europeo Sutherland xunto a de John W. Sewell, director xeral do CDO, o traballo titulado "Por una cumbre sobre la mundialización", que foi publicado en varios países occidentais. Incluiremos tamén unha ampla bibliografía comentada sobre os asuntos tratados nos documentos presentados.

## CHAMAMENTO DOS ECONOMISTAS PARA SAÍR DO PENSAMENTO ÚNICO

Este chamamento foi feito público en Francia por 172 economistas europeos. A traducción literal do seu texto é a seguinte:

*"Nós, economistas de variadas procedencias institucionais, asinantes do "Chamamento dos economistas para saír do pensamento único", reunímonos en París o 18 e 19 de outubro de 1996 para discutir sobre diferentes concepcións destinadas a renova-lo debate da política económica.*

*Nós afirmamos que a política económica —así como o pensamento económico— non se conxugan en singular. Por iso, non é posible a pretensión de neutralidade. Toda política económica expresa opcións sociais, responde a prioridades e privilexia intereses específicos. As opcións económicas son claramente opcións políticas.*

*As políticas neoliberais aplicadas ininterrompidamente dende hai quince anos restableceron e aumentaron a remuneración dos capitais, estenderon a influencia dos investidores privados na marcha da economía e restrinxiron o abano de alter-*

*nativas democráticas a aquelas que teñen a aprobación dos mercados financeiros. Á vez, estas políticas mostraron a súa incapacidade para combater-lo crecemento do desemprego, a pobreza e as desigualdades.*

*O desemprego e a precariedade non son, nesta lóxica, calamidades que haxa que combater prioritariamente, senón efectos secundarios que deben ser tratados socialmente ou, aínda peor, pancas para desactivar calquera idea de resistencia entre os traballadores.*

*Teimar, actualmente, en prolongar estas políticas neoliberais implica tomar decisións, apostar por medidas claras neste sentido. Trátase de políticas que buscan crea-las condicións necesarias para facelas irreversibles.*

*Tanto as regras do mercado financeiro mundializado e desregularizado como a constitución, nestas épocas, de bancos centrais independentes, buscan opoñerse ás políticas que intenten afastarse do "camiño correcto". Taxas de xuros historicamente elevadas, orzamentos restrictivos, reducións impositivas diversas para as empresas ou os grupos sociais con mellores ingresos e políticas draconianas combínanse entre si para manter unha media de altos niveis de rendibilidade. Isto dá lugar a un crecemento cada vez máis desigual e especialmente débil en Europa.*

*O neoliberalismo non é portador dun proxecto de sociedade aceptable para a maioría das poboacións. No norte, no sur e no leste, o neoliberalismo exacerba a competencia e o individualismo, e non ofrece outra perspectiva que non sexa a dun "axuste" eterno, sinónimo de inseguridade e de pobreza para grupos sociais que van en aumento. O infortunio dos que se ven abandonados á súa sorte favorece, como reacción, as posicións xenófobas e autoritarias.*

*Rexeitámo-la idea, segundo a cal, estes cambios serían inevitables. Os movementos sociais dos últimos tempos mostran, hoxe, que a busca de opcións cribles é urxente. Ó tempo, non agachámo-la enormidade de semellante tarefa. O simple retorno a políticas keynesianas non constituirá unha resposta suficiente ós desafíos que nos formulan a coherencia das políticas neoliberais e o poder dos intereses que estas representan.*

*Saír do liberalismo e atopar camiños para un novo pleno emprego é unha ambición teórica e práctica de grande amplitude que implica, de maneira especial e indisociable, o seguinte:*

- *Políticas económicas de crecemento, a escala europea, no marco dun desenvolvemento sostido, dirixidas a crear empregos estables, convenientemente remunerados, e a satisfacer prioridades sociais. Unha redución importante da duración do tempo de traballo que non sexa un pretexto para mante-las políticas de austeridade salarial, senón que, pola contra, estimule o crecemento.*
- *A transformación dos obxectivos e do método de construción europea. A cuestión da moeda, única ou común, é obxecto de debate entre nós, o que non impide*

que nos puxeramos de acordo en dous puntos claves. O emprego debe estar no centro do proxecto europeo, o que supón un certo cuestionamento dos criterios de converxencia e, con máis razón, do "pacto de estabilidade" que pretendería perpetualos. Todo o relativo á moeda, ó igual cás institucións europeas, non pode escapar ó control político democrático, o que, evidentemente, é esencial para unha economía monetaria.

- A reforma profunda das regras de funcionamento dos mercados financeiros.
- Profundas innovacións institucionais e políticas en diferentes ámbitos, entre os que sinalamos de forma moi particular os seguintes:
  - a) No ámbito da organización do traballo, convén reabri-lo debate sobre a organización das empresas. Neste sentido, sostemos que a iniciativa, a autonomía, a creatividade dos traballadores e, aínda máis, a súa intervención en tódolos niveis de xestión nas empresas poden permitir combina-la eficacia, a competitividade e a introducción dunha auténtica cidadanía na empresa.
  - b) No ámbito do emprego, unha reformulación das normas laborais que concilien seguridade, formación e mobilidade, así como a igualdade entre o home e a muller.
  - c) No ámbito impositivo, unha maior progresividade e equidade na imposición dos diversos ingresos, gravando especialmente os ingresos financeiros.
  - d) Unha protección social xeral e de calidade.
  - e) Unha renovación da vida cívica, sindical e asociativa, dentro e fóra da empresa, por e para a redución do tempo de traballo.

A amplitude da tarefa proposta fai máis ca urxente soste-los esforzos daqueles que non se resignan ó neoliberalismo. Desexamos que numerosos economistas ata agora non informados da nosa iniciativa, ou aínda indecisos, se unan a nós para actuar nesta dirección. O noso obxectivo non é opoñer unha palabra única ó pensamento único. O noso enfoque pluralista pretende despraza-los termos do debate público para centralo na confrontación das opcións que se veñen avanzando para "cambia-la situación" no que se refire á política económica.

Este enfoque enriquecese coa confrontación dos puntos de vista dos diferentes actores sociais. Por iso, propoñémonos organizar, na primavera de 1997, reunións para debater sobre o novo pleno emprego e para saír do liberalismo. Reunións que desexamos levar a cabo en unión co movemento sindical e asociativo en toda a súa diversidade".

Asdo.: Chamamento dos economistas para saír do pensamento único<sup>17</sup>.

<sup>17</sup> Este chamamento, asinado inicialmente por 172 economistas, foi incluído no libro *Pour un nouveau plein emploi* (Collection Alternatives Économiques. Syros, 1997). Como xa sinalamos, constitufuse un colectivo baixo ese Chamamento que está presidido por Hoang-Ngoc-Liêm, sendo o seu secretario xeral Nicole Azoulay e o seu tesoureiro Pierre André Imbert. A dirección deste colectivo "Appel des économistes pour sortir de la pensée unique" é: Université Paris I, 90 rue Tolbiac, 75013 France. Este libro foi pedido na biblioteca do noso centro hai bastante máis dun ano e a librería á que lle foi encargado contestou que non o atopou...

## AS POLÍTICAS ECONÓMICAS LIBERAIS ESTRANGULAN O CRECEMENTO. ENTREVISTA CO ECONOMISTA HOANG-NGOC LIÊM, PRESIDENTE DO COLECTIVO "CHAMAMENTO DE ECONOMISTAS PARA SAÍR DO PENSAMENTO ÚNICO"

Hoang-Ngoc-Liêm, profesor agregado (*maître de conférences*) de economía da Universidade París-I (París-Francia), é autor do libro *La facture sociale, sommes nous condamnés au libéralisme? (A factura social, ¿estamos condenados ó liberalismo?)*, 1998, onde expón unha política alternativa ó "pensamento único do neoliberalismo dominante".

Esta entrevista foi publicada a finais de maio do 97, e ese manifesto case duplicou as sinaturas, contando xa, nesas datas, con máis de 300 economistas asinantes.

**P.-** Vostede forma parte dunha nova xeración de economistas. ¿Iso dálle a vostede liberdade para redescubrir solucións que se volveran inoperantes?

**R.-** Nos anos 80 instalouse entre os economistas o discurso segundo o cal non había máis ca unha ciencia económica posible, a teoría neoclásica, e non máis ca unha teoría macroeconómica posible, a de reduci-los déficit, é dicir, o peso do Estado na economía, e aboli-las rixideces do mercado, consideradas responsables da suba do paro. O debate estivo pechado durante tanto tempo que a nosa xeración ten unha verdadeira sede de política en sentido amplo.

**P.-** O cambio de enfoque non vén de 1995. En 1983 xa se producira, ¿daquela a súa reflexión remóntase ata esa data?<sup>18</sup>

**R.-** Algúns poden xustifica-lo cambio de enfoque de 1983 polo contexto: había problemas de oferta e presións exteriores que facían difíciles as políticas de relanzamento en solitario. Na metade do decenio dos 90, non estamos xa ante a mesma crise. En Francia e en Europa estamos ante un problema de demanda e de reparto dos ingresos.

**P.-** ¿En que cre vostede que Francia está máis enferma có resto dos países?<sup>19</sup>

**R.-** O conxunto dos países europeos sofren da aplicación dunha coordinación das políticas económicas de inspiración liberal que estrangula o crecemento<sup>20</sup>. As

<sup>18</sup> O autor da pregunta, se cadra, estase referindo ó gran xiro que deu o presidente Mitterrand e o Goberno socialista francés, que gañara as eleccións co programa común da Unión da Esquerda, e que cambiou drasticamente a súa política comprometida na campaña electoral, de nacionalizacións e outras medidas "de esquerdas" de política económica, medidas de relanzamento centradas no papel económico e empresarial do Estado, que se separaban drasticamente das políticas aplicadas de contención do gasto público no ámbito europeo e internacional occidental onde estaban os Gobernos Reagan e Thatcher, os grandes impulsores das políticas neoliberais.

<sup>19</sup> Nesta época, os cinco primeiros meses de 1997, Francia presentaba uns resultados económicos bastante negativos no contexto europeo e occidental no relativo a un baixo crecemento, altas cifras de paro, incumprimento da converxencia de Maastricht, grave fractura, conflictividade social...

<sup>20</sup> Esta política liberal á que se refire o presidente dos economistas para saír do pensamento único fixo que países como os EE.UU., cun presidente demócrata, e Inglaterra, cun presidente laborista, —e outros, como Irlanda, Nova Zelandia, Holanda...— alcanzaran uns excelentes resultados económicos en materia de emprego, crecemento, control da inflación, redución do gasto público...

taxas de xuros baixaron, pero insuficientemente<sup>21</sup>, e o feito de que o freo sexa mantido para os salarios e os gastos públicos crea un problema de crecemento que reduce os ingresos fiscais e aumenta os déficits<sup>22</sup>. A coordinación deste rigor a escala europea amplifica o efecto desacelerador<sup>23</sup>.

**P.-** ¿Que pensa vostede que hai que facer para afrontar esta situación?

**R.-** O problema reside na insuficiencia da demanda. Para facerlle fronte a esta situación e, sobre todo, á do paro, a primeira medida concirne ó tempo de traballo. Rexeita-la redución do tempo de traballo supón a renuncia a un modelo de pleno emprego. ¿Por que? Porque co progreso técnico sempre se necesitan menos individuos para produci-las mesmas mercadorías. Polo tanto, se se mantén a norma das 39 horas, vaise cara a unha redución implícita do tempo de traballo baixo a forma de tempo parcial e de exclusión dalgúns en materia de emprego.

A proposta das 35 horas semanais sen perda de salario é boa. Moitos economistas están de acordo en dicir que unha medida de redución do tempo de traballo é eficaz se ten unha amplitude importante. O reparto dos ingresos, que se sabe actualmente que é unha medida moi favorable para os beneficios, permite a aplicación desta medida en relación co cadro macroeconómico. Ás empresas, ás que esta medida lles causase problemas, poderíanselles conceder axudas a curto prazo. O cal sería menos caro cás medidas integralmente centradas sobre a redución do custo de traballo aplicadas sen éxito dende o comezo dos anos 90<sup>24</sup>.

**P.-** ¿Que propón vostede para relanza-la demanda?

**R.-** O aumento de salarios, se se quere relanzar un consumo parado, avariado, é máis eficaz ca unha reforma fiscal. Favorece-los grupos con ingresos altos e medios non conduce máis ca a reforza-lo seu aforro. Mentres que un relanzamento dos salarios ten un efecto inmediato sobre o consumo, ó saber que os baixos salarios teñen unha propensión ó aforro máis débil. Ó reduci-lo tempo de traballo sen

<sup>21</sup> ¡Ollo con isto!, pois as taxas de xuros en Xapón son das máis baixas do mundo; baixáronse drasticamente e, sen embargo, iso non impediu que Xapón (e outros países asiáticos emerxentes) en 1997 e sobre todo en 1998 estean vivindo a culminación dunha moi grave crise da súa economía, do seu rixido, corrupto e intervido sistema económico, empresarial, bancario...

<sup>22</sup> A hipótese contraria consistente no aumento da actividade económica privada, do dinamismo económico, baseada no saneamento económico, empresarial e das finanzas do Estado fai que, aínda que se baixen os impostos, ó aumentar esa actividade, ó aumenta-las ganancias, aumente o número de contribuíntes e, polo tanto, a contía das súas contribucións.

<sup>23</sup> Publicar este tipo de documentos, un tempo despois da súa saída, permite a verificación dalguna das hipóteses avanzadas neles. Neste sentido e neste caso, estamos comprobando en xullo-agosto de 1998 (cando se está escribindo este traballo), que en Europa sucedeu o contrario do que di Hoang-Ngoc Liêm no relativo á desaceleración e a outras cousas. En efecto, a economía europea, despois dun proceso de saneamento, control do gasto público... mellorou notablemente e a melloría foi tanto maior naqueles países europeos e occidentais (e orientais) que aplicaron con maior decisión e firmeza medidas liberalizadoras, de saneamento, de mellora da competencia dentro dos principios, en materia económica e empresarial, de política económica. Tanto é así que, como poñemos de manifesto neste documento, prestixiosos altos cargos socialistas europeos e europeístas non dubidan en facer un canto do liberalismo, das privatizacións, da "economía solidaria de mercado"..., iso si, en nome da ¡¡jaudacia socialista, da audacia de esquerdas!!

<sup>24</sup> Sobre este debate internacional do paro, o emprego, as políticas aplicadas, Europa, liberais, intervencionistas..., véxanse os seguintes números da *Revista Galega de Economía (RGE)*, vol. 5, núm. 1, (1996), pp. 287-294; vol. 5, núm. 2, (1996), pp. 307-342; vol. 7, núm. 1, (1998), pp. 311-352.

perda de salario, auméntase automaticamente o salario horario. Tamén son partidario de darlle un empurrón ó salario mínimo e de restablece-los mecanismos de axuste (*indexation*) sobre os prezos<sup>25</sup>. Poderíase comezar polo sector público<sup>26</sup>. O segundo eixe do relanzamento da demanda baséase no efecto tradicional de mantemento que constitúe un programa de grandes obras, o que permitiría especialmente facerlles fronte ás necesidades de reurbanización dos suburbios, de reconstitución do tecido social.

**P.-** ¿En pleno período de converxencia da moeda única, como contempla vostede a aplicación do programa que acaba de formularnos?

**R.-** Esta política parécenos, verdadeiramente, incompatible co respecto dos criterios do pacto de estabilidade. A moeda única non é un fin en si mesmo. O problema é o seguinte: ¿sacáronse as leccións que se deducen da construción europea levada a cabo nestes últimos anos? Se esta construción nos conduce a un impasse posto que supón a continuación da exclusión e do paro, ¿se cadra, non é necesario repensala?

## PREOCUPACIÓNS ANTIFUNDAMENTALISTAS ANTE OS DOGMAS INTERVENCIONISTAS E LIBERAIIS

É necesario rexeita-las vellas e as novas imposicións sectarias, excluíntes, dogmáticas, uniformadoras, unidimensionais, correctas *per se*, *a priori*, e porque si... É necesario rexeitar pensamentos únicos, políticas únicas, monopolistas, duopolistas, oligopolistas... veñan de onde veñan e non só as relativas ó campo económico e empresarial.

É necesario e, na miña opinión, xusto, levar a cabo unha crítica activa, seria, rigorosa, fundada, empírica, permanente, comprometida coa verdade e coa realidade dos feitos, de todo tipo de políticas e das súas propostas ideolóxicas, teóricas,

<sup>25</sup> Falando máis claro, ¡¡os mecanismos públicos do control de prezos!! Polo que se ve, estes economistas non son moi orixinais na proposta de "novas medidas" para dinamiza-la economía, pois estas "novidades" foron as que aplicaron anteriormente e levaron ós países que o fixeron a graves crises económicas, aumento do paro... Como análise, non só da ideoloxía proclamada, senón tamén da práctica real en función dos espazos posicionais de cadaquén, das propostas en función da situación e posición que ten cadaquén, digamos que a maior parte destes economistas, dos asinantes do relanzamento intervencionista e contra o pensamento único neoliberal, son empregados e funcionarios do Estado, traballan en partidos, sindicatos, universidades, empresas e institucións públicas, en empresas mediáticas, intelectuais, culturais e sociais... que dependen, polo xeral, do gasto público, de instancias varias que lanzaron e venden ben o produto pensamento único (como antes, outros do mesmo teor aínda que máis cargados de bombo radical, revolucionario...), e que lles foi e vai moi ben coa intervención do Estado e as súas múltiples axudas, subvencións, contratas e contratos, promocións, creación de empresas públicas e parapúblicas, de circuítos económicos montados dende a cousa pública...

<sup>26</sup> Téñeno claro, a redución de traballo co mantemento de salario onde primeiro se aplica é na función pública. Non é de estrañar así que en España (e noutras partes) os mozos (e os seus pais) se maten por chegar a funcionarios, por alcanzar (toda a familia) este soñado, ansiado e perseguido obxectivo. España xunto con Brasil ten o maior número de opositores por habitante do mundo... Francia é o país do mundo onde a función pública alcanzou os maiores poderes, os grandes privilexios, regalías... O sistema educativo e administrativo español e brasileiro viuse moi influído polo francés pero sen a ambición, a "grandeur"... dos franceses.

prácticas, técnicas, metodolóxicas; das súas formas de organización, representación, xestión e funcionamento; das súas experiencias, aplicacións e medidas concretas; das súas tácticas e estratexias; dos seus obxectivos proclamados e manifestos e dos agachados e difusos; dos intereses que os axentes e grupos poñen en xogo de forma manifesta e/ou agachada...

É xusto, necesario, conveniente, saudable levar a cabo unha crítica e unha auto-crítica, unha avaliación/autoavaliación seria, fundada, rigorosa, activa, comprometida coa verdade, coa realidade dos feitos de tódalas políticas económicas aplicadas ata agora, sen ningún tipo de contemplación; das políticas intervencionistas e liberais de onte, de hoxe..., nas súas diferentes versións.

Pero unha crítica sen "aprioris", sen etiquetismos ideolóxicistas, sen sectarismos, sen dogmatismos, sen patentes de curso. Sen maniqueísmos nin demagoxias, sen corporativismos nin fundamentalismos, dunha parte ou doutra. Sen admiti-lo dogmatismo, o fundamentalismo economicista, tecnocrata, cientificista... do liberalismo, do dogma liberal nas súas múltiples e diferentes versións. E sen admiti-lo fundamentalismo estruturalista, neoestructualista, postestructuralista do intervencionismo, do dogma intervencionista nas súas múltiples variantes.

Do contrario, continuarán, manteranse, reforzaranse as polémicas interesadas e estériles dos diversos mercados fundamentalistas en xogo, baseadas na utilización maniquea do etiquetismo ideolóxico e cientificista, de artefactos simbólicos, discursivos, teóricos, técnicos e metodolóxicos, do fetichismo da linguaxe, de proclamacións e invocacións varias... Avivaranse as guerras de relixión dos mercados fundamentalistas de alta, media e baixa intensidade das igrexas, das relixións en loita: a liberal e a intervencionista cos seus deuses e demos, profetas, virxes, santos e mártires, libros sagrados, mandamentos, catecismos, dogmas, comunidade de crentes, fieis e pecadores, ortodoxos e heterodoxos, sectas, papas, curias, escolas, universidades e centros avanzados, teólogos, "talibáns", tribunais, sacerdotes, defensores da verdade revelada, exércitos da verdade e policía polo ben, pola virtude e contra o pecado, contra o mal sempre ó asexo...